



PLAN DIXITAL

[CPI de Progreso]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Datos identificativos do centro:

- Nome do centro: CPI Progreso
- Enderezo: Paseo das Lombas nº 2. CP. 36612. Catoira (Pontevedra).
- Correo electrónico: cpi.progreso.catoira@edu.xunta.gal
- Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiprogresocatoira>

Niveis educativos que acolle e número de unidades funcionando na actualidade:

- Educación Infantil: 3 unidades
- Educación Primaria: 9 unidades
- Educación Secundaria: 8 unidades

Segundo a Orde do 12 de agosto de 2010 pola que se establecen o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial publicado no DOGA no 161 o 23 de agosto de 2010, correspóndelle ao centro o seguinte:

Profesorado de Educación Infantil:

- 3 mestras de Educación Infantil
- 1 mestra de apoio

Profesorado de Educación Primaria:

- 10 mestres/as da especialidade de primaria
- 1 mestra da especialidade de francés
- 2 mestres da especialidade de Educación Física
- 1 mestra da especialidade de Pedagogía Terapéutica
- 1 mestra da especialidade de Audición e Linguaxe.
- 1 mestra da especialidade de Educación Musical
- 2 mestras da especialidade da primeira Lingua Estranxeira (Inglés)

Profesorado de Educación Secundaria:

- 16 profesores/as
- 1 xefa de departamento de orientación
- 1 mestre para a especialidade de Pedagogía Terapéutica

No Centro estudan máis de 300 alumnos e alumnas e conta con 20 unidades distribuídas da seguinte maneira:

Alumnado de Educación Infantil:

- 4º Educación Infantil: 18
- 5º Educación Infantil: 21
- 6º Educación Infantil: 15

Alumnado de Educación Primaria:

- 1º Educación Primaria: 21
- 2º Educación Primaria: 18
- 3º Educación Primaria: 14 + 13
- 4º Educación Primaria: 15 + 17

- 5º Educación Primaria: 20 + 20
- 6º Educación Primaria: 20

Alumnado de Educación Primaria:

- 1º Educación Secundaria: 21 + 22
- 2º Educación Secundaria: 15 + 16
- 3º Educación Secundaria: 13 + 14
- 4º Educación Secundaria: 16 + 13

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- Na actualidade, as características socioculturais e económicas das familias que compoñen o groso do Centro son similares: salarios medio-baixos e unha preparación cultural tamén media. (as podemos extraer do Proxecto Educativo).
- A contribución do PD con respecto aos plans do centro sería a seguinte: No tocante ao proxecto Educativo enfocárase na consecución dos obxectivos propostos para as dinamizacións de actividades que redunden na calidade do ensino. Entre elas, o desenvolvemento de actividades de dinamización das novas tecnoloxías da información e comunicación e a mellora da xestión e organización dos recursos informáticos. En relación ao PCC favorecerá a consecución das competencias chave e ampliará e mellorará a oferta do centro no emprego e aprovisionamento das TIC. De cara ao proxecto de actividades complementarias e extraescolares, veranse beneficiadas as canles e os medios polas que se levan a cabo ditas actividades. Ademais, ao plan de comunicación do centro proporcionaralle unha mellor comunicación e coordinación entre e coa comunidade educativa na súa totalidade. Finalmente, este PD aporta ao Plan das tecnoloxías da información e comunicación do centro unha mellora tanto cuantitativa como cualitativa.
- Este PD contribúe á Programación Xeral Anual do curso 22/23 dun xeito específico no punto 13 referido á concreción anual do plan TIC, onde se facilitará o acondicionamento e reordenamento das aulas de informática de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria; así como da aula de tecnoloxía. Tamén, axudará na actualización e emprego da aula virtual. Será unha contribución significativa na mellora e incremento do uso das TIC por parte do profesorado e alumnado.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital do noso centro réxese pola seguinte normativa:

- A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia

da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas. O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.
- O Regulamento polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Consello Europeo do 11 de febreiro de 2021 establece como un dos seus principais eixes a transformación dixital na procura da excelencia, a universalidade e a equidade na educación; que elimina as brechas sociais e territoriais, que incentiva a formación continua e cre no talento, promocionando o emprendemento e a innovación, o reforzo das súas capacidades de investigación e a atracción e fomento da excelencia.

1.4. Proceso de elaboración

A continuación descríbese a organización e o proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixital:

- Análise da situación do centro a través das ferramentas para a diagnose de situación SELFIE e Test de Competencia Dixital Docente. Co SELFIE obtivemos un informe en liña de autoavaliación da situación en relación a competencia dixital do noso centro. O Test de Competencia Dixital valora de maneira global o nivel competencial (A1- C2) do noso centro.
- Realización da diagnose de situación do noso centro, a partir do informes anteriores. Xeración dun informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) que permitiu a análise de situación e a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.
- Elaboración do Plan de Acción onde se estableceron os obxectivos SMART que queremos conseguir.
- Elaboración do Plan Dixital en base á información recollida nos informes de análise da situación do centro.

Todos os documentos (análises, diagnoses, plans...) do proceso de elaboración atópanse recollidos nun curso creado na aula virtual do noso centro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura dixital do centro:

- Telefonía no edificio principal
- Conexión cableada, conexión sen fíos edu.xunta.es e, no edificio de Secundaria, conexión sen fíos Abalar.
- Número de puntos de acceso wifi, incluído router wifi: 14

Equipamento:

- Ordenadores por tipo de ordenador

		TOTAL	Do TOTAL, con antigüidade maior a 5 anos
Ordenadores de sobremesa		80	69
Ordenadores portátiles	Equipamento Abalar/Edixgal	0	0
	NON Abalar/Edixgal	12	12
Tabletas		6	4
TOTAL		98	85

- Ordenadores por localización

		Ordenadores
En aulas específicas de informática (non asociadas a ningún grupo determinado)		30
En aulas habituais de clase	En aulas Abalar / Edixgal	2
	En calquera outra aula distinta das anteriores	31
En dependencias de administración e xestión do centro		6
Noutras dependencias do centro (biblioteca, departamentos, salas de profesorado...)		23
Sen localización definida		6
TOTAL		98

- Ordenadores por utilización preferente

		TOTAL	Cantos con acceso a Internet?
Tarefas administrativas		6	
Tarefas educativas e de docencia	Para uso exclusivo de profesorado	21	21
	Docencia directa con alumnado	71	71
Non asignados a unha tarefa preferente		0	
TOTAL		98	92

- Aulas de informática: 2, aínda que só unha delas está acondicionada para o seu uso.
- Proxecto Edixgal: 2 aulas de 1º ESO e, o próximo curso, 1 aula de 1º ESO e 2 aulas de 2º ESO.

- Número de aulas dotadas de sistemas dixitais interactivos: 30, aínda que non todas teñen a posibilidade de interacción por ter estragada a parte táctil.

Servizos dixitais educativos:

- Páxina web do centro.
- Aula virtual, con cursos en todos os niveis educativos.
- E-Dixgal, para o seu uso en 1º ESO e, o próximo curso, en 2º ESO.
- EspazoAbalar, para comunicacións, citas de titoría, xustificación de faltas, mensaxería...
- Abalarmóbil, activado pola maioría das familias.

Xestión do mantemento do equipamento do centro:

- UAC
- Empresa contratada para o mantemento do equipamento.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE. Recóllese un resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	4,0	4,3			
	Profesorado	4,1	3,9			
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,2	3,7			
	Profesorado	3,3	3,7			
	Alumnado	3,9	2,1			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,4	4,7			
	Profesorado	3,8	4,2			
	Alumnado	3,7	3,6			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,6	4,0			
	Profesorado	4,2	3,8			
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,3	4,5			
	Profesorado	4,0	4,4			
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,5	3,6			
	Profesorado	3,9	3,9			
	Alumnado	3,8	3,3			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,9	3,5			
	Profesorado	3,0	3,1			
	Alumnado		2,9			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,6	4,2			
	Profesorado	3,5	3,7			
	Alumnado	3,9	3,3			

Test CDD. Inclúese a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro e a táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>22</u>	<u>31</u>	<u>71%</u>
PROVISIONAL	<u>1</u>	<u>4</u>	<u>25%</u>
INTERINO	<u>3</u>	<u>4</u>	<u>75%</u>
SUBSTITUTO	<u>2</u>	<u>4</u>	<u>50%</u>
DESPRAZADO	<u>0</u>	<u>1</u>	<u>0%</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>78,6</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	<u>66,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>68,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
ESO	<u>90,1</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>79,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
Pri.	<u>76,3</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>77</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	<u>11</u>	<u>39,3%</u>
B1	<u>11</u>	<u>39,3%</u>
B2	<u>5</u>	<u>17,9%</u>
C1	<u>1</u>	<u>3,6%</u>
C2		
TOTAL	<u>28</u>	<u>100,00%</u>

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. Dispositivos dixitais para o seu uso na ensinanza e na aprendizaxe. 2. Emprego de servizos dixitais educativos corporativos para difusión e o ensino virtual.	1. A infraestrutura dixital non respalda a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.
	PERSOAL DOCENTE	1. Recursos educativos dixitais en liña. 2. Intercambio de experiencias (D3). Formación interna. 3. Participación no DPC e en actividades formativas individuais organizadas pola Administración	1. Falta de retroalimentación axeitada e apoio. 2. Necesidade de autorreflexión sobre a aprendizaxe.

		Educativa. 4. Creación de recursos dixitais. 5. Impartición das clases. Comunicación.	
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	1. Utilizamos a tecnoloxía para traballar en grupo. 2. No noso centro o alumnado aprende a actuar de maneira segura. 3. Podo facer seguimento das miñas tarefas a través da AV ou o EVA. 4. Dispoño de dispositivos dixitais que podo utilizar cando os necesito.	1. Falta de uso da tecnoloxía no centro e fóra do centro con fins de aprendizaxe. 2. Non outorgar recoñecemento ao traballo dos demais. 3. Non apreciar o traballo de outros/as alumnos/as.
	FAMILIAS	1. Avisos e notificacións a través da aplicación AbalarMobil. Ademais pódense xustificar as faltas ou pedir titorías.	
	OFERTA	1. O profesorado conta co apoio do noso equipo directivo á hora de probar novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais. (A3).	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. Desenvolvemento da estratexia dixital do centro. 2. Promóvese a creación dun Plan de formación en centros e a participación en actividades formativas das competencias dixitais. 3. Difúndese información de interese e facilítase o seguimento da actividade académica do alumnado.	1. No noso centro non avaliamos os nosos progresos en materia de ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Boa asistencia técnica. 2. Acceso a internet. 3. Boa comunicación coa comunidade educativa. 4. O equipo directivo coñece a normativa relativa á adquisición de equipamento informático para os centros educativos.	
	LEXISLACIÓN	1. No noso centro existen sistemas de protección de datos.	
	CONTORNA	1. Bo acceso do alumnado a dispositivos fóra do centro.	
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		1. No noso centro non utilizamos tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións.

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A secuencia de pasos seguida para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO foi a seguinte:

- Establecemento das áreas de mellora, a partir dos resultados obtidos no DAFO.
- Redacción de cada obxectivo que queremos conseguir, relacionados coas diferentes áreas de mellora do marco DigCompOrg
- Definición dos instrumentos que se empregarán para comprobar o cumprimento ou non dos obxectivos. Indicando o valor da situación inicial do centro e o valor que queremos alcanzar.
- Determinación e numeración das accións concretas e necesarias, para desenvolver cada obxectivo, indicando as persoas implicadas e responsables de realizar a liña de acción, acordando a temporalización e determinando os recursos necesarios.

Para cada obxectivo cumprimentouse unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregárase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A continuación indicamos as necesidades de mellora de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas:

- Aulas dixitalizadas: con conectividade e posibilidade de visualización e interacción. Neste momento, hai moitas aulas coa parte táctil estragada.
- Aula de informática: necesidade de ordenadores para poñer en funcionamento a aula de informática de Primaria.
- Equipos para uso na sala de profesorado e departamentos: necesidade de ordenadores utilizados preferentemente polo profesorado para a preparación de clases ou o seguimento do alumnado.
- Equipos ultraportátiles para aula móbil: necesidade de ordenadores utilizados preferentemente para impartir docencia ao alumnado ou para que eles practiquen.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Colaboración e redes (B)						
1. OBXECTIVO (1):	Colaborar con outras organizacións para desenvolver a competencia dixital (B3)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo de dinamización do Plan dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de colaboracións con outras entidades					
Valor de partida (3)	1 charla no curso 2021/2022 (Plan director Garda Civil)					
Valor previsto e data (4)	3 colaboracións (charlas, obradoiros, videoconferencias...)			30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Solicitar charlas do Plan director da Garda Civil e Policía Nacional sobre Novas Tecnoloxías	Equipo directivo	07/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Organizar actividades sobre diferentes aspectos relacionados coas TIC: seguridade, aplicacións, igualdade, adiccións... en colaboración co Concello e con outras entidades	Equipo directivo Equipo de dinamización do Plan dixital	31/05/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Colaboración e redes (B)						
2. OBXECTIVO (1):	Favorecer o intercambio de experiencias sobre a ensinanza con tecnoloxías dixitais no propio centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nª de profesorado que utiliza esta rede de comunicación					
Valor de partida (3)	0 experiencias intercambiadas entre o profesorado					
Valor previsto e data (4)	5 experiencias intercambiadas entre o profesorado			30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A02.1: Publicar experiencias do profesorado do centro	Dirección	20/05/2023	Web do noso centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Organizar intercambios de experiencias entre profesorado do centro	Dirección	30/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Pedagogía: Apoios e Recursos (E) e Desenvolvemento profesional continuo (D)						
3. OBXECTIVO (1):	Mellorar o uso da aula virtual e ampliar o noso coñecemento sobre ferramentas dixitais				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de recursos creados polo profesorado participante no PFPP					
Valor de partida (3)	Non se coñece					
Valor previsto e data (4)	2 recursos dixitais creados por cada docente na AV ou EVA			31/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Solicitar unha liña de acción de creación de recursos dixitais no PFPP	Equipo directivo	30/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Formar ao profesorado participante (ferramentas dixitais para a creación de recursos)	Relator/a	31/01/2023	- Ferramentas dixitais para a creación de recursos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Crear recursos dixitais	Profesorado participante nesta liña de acción do PFPP	31/03/2023	- Ferramentas dixitais para a creación de recursos - Aulas virtuais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.4: Aplicar na aula as actividades creadas, a través do EVA ou da Aula Virtual	Profesorado participante nesta liña de acción do PFPP	31/05/2023	- Recursos creados - Aulas virtuais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Prácticas de avaliación (G)						
4. OBXECTIVO (3):	Utilizar co noso alumnado o portafolio Agueiro para compartir información e comunicarnos				Acadado	
RESPONSABLE:	Profesorado de cada departamento ou área				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nª de profesorado que utiliza esta rede de comunicación					
Valor de partida (3)	0% do profesorado utiliza esta rede					
Valor previsto e data (4)	25% do profesorado utiliza, ao menos, para unha actividade			31/05/2023		
ACCIÓN S A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A04.1: Formar ao profesorado no uso do portafolio Agueiro	Equipo de dinamización do Plan dixital	30/10/2022	Rede Agueiro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Matricular ao noso alumnado en Agueiro	Profesorado das diferentes materias	30/11/2022	Rede Agueiro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Formar ao alumnado no uso básico do portafolio Agueiro	Equipo de dinamización do Plan dixital Persoas titoras de cada grupo	31/01/2023	Rede Agueiro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.4: Crear grupos de traballo e concretar a actividade ou proxecto a desenvolver	Profesorado das diferentes materias	31/01/2023	Rede Agueiro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.5: Elaborar e avaliar as actividades ou proxectos	Profesorado das diferentes materias	31/05/2023	- Rede Agueiro - Actividades ou proxectos realizados		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Competencias dixitais do alumnado (H)						
5. OBXECTIVO (1):	Aprender a actuar de maneira segura en Internet e a comprobar se a información que atopa o alumnado é fiable (H1 e H2)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo de dinamización do Plan dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	- O alumnado coñece criterios sinxelos e concretos para avaliar a fiabilidade dun recurso web. - O alumnado emprega criterios de avaliación da fiabilidade dun recurso web.					
Valor de partida (3)	O alumnado non diferencia fontes de información fiables na Internet					
Valor previsto e data (4)	O 100% do alumnado recibe información para ser quen de navegar de maneira segura e diferencia entre recursos fiables e non fiables		30/06/2023			
	O 60% do alumnado realiza unha actividade sinxela de aplicación de criterios de busca de información fiable					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A05.1: Solicitar á Dirección Xeral de Xuventude o programa “Navega con Rumbo”	Equipo directivo	10/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Elaborar co alumnado da ESO unha pequena guía para avaliar a fiabilidade de fontes e recursos dixitais	Equipo de dinamización do Plan dixital Profesorado titor	20/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3: Realizar nalgunha materia unha actividade de investigación que traballe a fiabilidade das fontes	Profesorado das diferentes materias	31/03/2023	- Guía para avaliar a fiabilidade de fonte e recursos dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO5.4: Analizar os resultados e reorientar a estratexia, de ser o caso, cara ao seguinte curso	Equipo de dinamización do Plan dixital Profesorado das diferentes materias	30/06/2023	- Guía para avaliar a fiabilidade de fonte e recursos dixitais - Actividades de investigación realizadas	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

(1) Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART” (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

(2) INDICADOR: Permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.

(3) VALOR de PARTIDA: Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.

(4) VALOR PREVISTO: Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCÍONS A DESENVOLVER:

(5) DESCRICIÓN: Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

- (6) RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

No procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, revisarase en todo momento o Plan dixital e o cumprimento dos obxectivos. Para iso realizaremos as seguintes accións:

- Ao inicio do curso, **constitución do equipo de dinamización do Plan dixital para o curso 2022/2023**.
- Durante o primeiro mes do curso, **revisión do Plan dixital e, no caso de ser necesario, realización de adaptacións**, tendo en conta os recursos materiais e humanos. Así como a **concreción das accións para desenvolver no Plan dixital**, mediante reunións do claustro e correos electrónicos informativos.
- A finais de cada trimestre, **realización dun seguimento das accións desenvolvidas do Plan dixital**, comprobando que se están a cumprir os obxectivos marcados nas datas establecidas.
- Ao final de curso, **valoración do desenvolvemento do Plan dixital**, revisando o cumprimento dos indicadores de logro de cada obxectivo e realizando enquisas ao profesorado e ao alumnado.

5. Difusión do plan

Este plan será dado a coñecer e publicitado a través das canles de comunicación que marca o Plan de Comunicación do centro. Ditas canles son: Taboleiro do edificio administrativo, páxina web, Abalar Móbil, correo electrónico, aula virtual e blogs do centro.